

# A literatura infantil e xuvenil, tema dun curso internacional en Santiago

O Centro Ramón Piñeiro organizou este seminario que convocou Cultura

Santiago. A Consellería de Cultura, a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Crpih), foi durante o mércores e onte a anfitriña da xuntanza científica que desenvolve con periodicidade anual en Galicia a Rede Temática de Literaturas Infantís e Xuvenís do Ámbito Ibérico e Iberoamericano.

O seminario internacional, que chega este ano á súa IX edición, centrouse nesta ocasión nas no-

vas funcións que adquiren hoxe en día os premios e certames arredor das literaturas infantís e xuvenís, e nel tomaron parte expertos dos ámbitos brasileiro, norteamericano, portugués, mexicano e castelán, aos que acompañou o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García.

Así, durante dous días tivo lugar cadansúa xornada de reunións e debates arredor das devanditas cuestións vencelladas ás literaturas infantís e xuvenís, combinadas con diferentes relatorios programados sobre a literatura xuvenil nos ámbitos das linguas.

Ao remate, os represen-

tantes dos países participantes tiveron ocasión de expoñerlle aos asistentes unha panorámica propia acerca da situación actual da literatura xuvenil nos seus países de orixe, nunha sesión que se celebrou na biblioteca compostelá Novacaixagalicia.

A Rede integra un grupo de investigación interdisciplinar formado por docentes de varias universidades de España, Portugal e Iberoamérica, que estudan a produción, recepción e mediación das lecturas textuais e visuals destinadas á infancia e á xuventude, coordinados por Blanca-Ana Roig Rechou. REDACCIÓN